



CONCELLO
DE PADRÓN



VERMÚ
Petroni

REGULAMENTO

“IV CARREIRA SOLIDARIA SAN SILVESTRE - VERMÚ PETRONI”

CONCELLO DE PADRÓN 2019

A Concellería de Deportes do Concello de Padrón, xunto con Vermú Petroni e o clube Atletismo Sar, organizan a 4ª Carreira San Silvestre Solidaria Vermú Petroni Concello de Padrón.

Os participantes terán que situarse na saída 10' minutos antes do comenzo da proba.

Celebrarase o día 31/12/2019 ás 17.00h con saída e chegada no Campo do Souto (Praza de Abastos). A carreira constará dunha volta neutralizada polo casco urbano e unha volta ao circuito homologado de 5.000mts, e será saída única para todos os participantes.

Esta é una proba de carácter Solidario para recaudar alimentos para as familias máis necesitadas.

INSCRICIÓN

As inscricións poderán facerse previamente na páxina de emesports.es ata o domingo 29 de decembro ás 23:59h.

Os datos obrigatorios para as inscricións son: nome e apelidos, data de nacemento, sexo e localidade.

O prezo das inscricións será a doazón dun quilo dalgún alimento non perecedeiro, que se entregará o día da carreira ao retirar o dorsal, no mesmo lugar da saída.

Unha vez consultado a Cáritas, faise saber que as leites e os aceites son as necesidades prioritarias, sendo ben recibidos todos os alimentos.

Os atletas participarán cos dorsais tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalos ou dobralos, debendo quedar ben visible o número e a publicidade.

A carreira poderá completarse correndo, andando ou en bicicleta.



CONCELLO
DE PADRÓN



VERMÚ
Petroni

PREMIOS

Esta carreira ao ser de carácter solidario non contará con categorías, premiarase ós 4 primeiros masculinos e femininos, sempre que completen o percorrido correndo ou andando.

A organización fará entrega de varios cheques solidarios que se doarán a asociacións benéficas (Cáritas Padrón e Asociación Benéfica San Vicente de Paul).

- ✓ 1º Premio categoría masculina..... Cheque Solidario de 100 € + Estuche de Petroni
- ✓ 2º Premio categoría masculina..... Cheque Solidario de 75 € + Estuche de Petroni
- ✓ 3º Premio categoría masculina..... Cheque Solidario de 50 € + Estuche de Petroni
- ✓ 4º Premio categoría masculina..... Cheque Solidario de 50 € + Estuche de Petroni

- ✓ 1º Premio categoría feminina..... Cheque Solidario de 100 € + Estuche de Petroni
- ✓ 2º Premio categoría feminina..... Cheque Solidario de 75 € + Estuche de Petroni
- ✓ 3º Premio categoría feminina..... Cheque Solidario de 50 € + Estuche de Petroni
- ✓ 4º Premio categoría feminina..... Cheque Solidario de 50 € + Estuche de Petroni

A todos éstos se lles fará entrega dun trofeo conmemorativo da proba.

PREMIOS ESPECIAIS

Entre todos os adultos participantes tamén haberá un sorteo de botellas de Vermú Petroni e do novo e xenuino Bitter.

Sorteo dun estuche de Vermú Petroni entre todos os participantes que compitan disfrazados.

Sorteo BARALLOCAS consistente nun vale de tres horas de estadía na súa fantástica Ludoteca.

Sorteo SORPRESA entre os menores de idade que participen na proba.

Premio Especial Petroni – Obradoiro CAB para aquel grupo entre 4-8 persoas que máis nos divirta co seu disfraz. (O Premio consiste na asistencia a un partido do Obradoiro en palco VIP a pé de pista).

Para todos estes premios especiais é preciso a entrega do dorsal no momento da recollida do premio.



CONCELLO
DE PADRÓN



St
VERMÚ
Petroni

CONTROL DA CARREIRA

A organización contará coa axuda dos organismos oficiais municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.

Os participantes deberán situarse na saída 10 minutos antes do comenzo da proba.

O control de chegada na carreira pecharase 45 minutos despois de que entre na meta o primeiro corredor clasificado.

A entrega de trofeos está prevista a partires das 18:30 h. no mesmo Campo do Souto, ao carón da Carpa Open Air.

Para que a espera se faga máis amena, Open Air amenizará o evento coa súa música, e Baralocas coas súas mascotas.

A organización disporá de bebidas e produtos típicos destas datas para degustar entre participantes e público en xeral. Ademáis, para os participantes menores de idade tamén haberá un cono de chuches na súa chegada á meta.

Ante calquera circunstancia non comentada neste regulamento, a organización tomará as decisións oportunas.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

O Concello de Padrón, e os seus colaboradores non se farán responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que así mesmos ou a outras personas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que con motivo da competición poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.

Todo participante na proba permitirá a divulgación de imaxes desta.

Todos os participantes, polo feito de toma-la saída, aceptan as presentes bases e regulamento que, en caso de dúbida, decidirá o comité organizador.

Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencie a proba, un comportamento exemplar cara aos compañeiros, público, organización e á proba en xeral.

O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.